

Modificación do apartado 7 da Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan os contratos-programa e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o curso 2020/21.

O apartado 7 queda redactado como segue:

Apartado 7. Compromisos de carácter xeral

O centro docente co que se acorde o desenvolvemento dun plan de mellora do éxito escolar, ademais dos compromisos consecuencia das actuacións que constan nel, deberá asumir os seguintes:

1. Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no plan, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados.
2. Recollerase a planificación e avaliación do programa na Programación Xeral Anual (PXA), así como na memoria final. No caso de que a PXA xa estivese aprobada, deberase aprobar unha modificación ou addenda desta que recolla a participación do centro en cada unha das liñas concedidas.
3. O equipo directivo e o persoal docente implicado terá que participar nas actividades de formación que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
4. Obrigas relativas ao PO FSE (Programa Operativo Fondo Social Europeo).

Os centros beneficiarios asumen a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO FSE de acordo co estipulado no artigo 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, así como polo Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.



Os centros participantes nas actuacións da actual convocatoria de contratos-programa que poidan ser obxecto de cofinanciamento polo FSE deberán asumir os requisitos relativos ao financiamento derivados da participación nesta iniciativa establecidos no Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, de 17 de decembro de 2013, así como os derivados do cofinanciamento polo Fondo Social Europeo por medio do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.

Esta Resolución supón a súa aceptación para ser incluído na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

En Santiago de Compostela

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

